

## REUNIÓN XERENCIA E XUNTA PTXAS

ACTA Nº3\_2026

### ASISTENTES

#### UNIVERSIDADE DE VIGO

#### XUNTA PTXAS

**Xerenta:**

Yolanda T. Lesmes Romero

**Vicexerenta de Recursos Humanos:**

Noemi Sirera Diéguez

**Director de Área:**

Xoan Manuel Cebro Rodríguez

**Redacción da acta:**

María Isabel Fernández Uría

Carlos Mollinedo Lois (CIG)

José Manuel García Eirín (CIG)

Rafael Ameneiro Bravo (CIG)

Paula M González Pérez (CIG)

Federico Fernández Fernández (CIG)

Victoria Alonso Crespo (CCOO)

Juan Ignacio Nogueira Alonso (CCOO)

María Luísa Magaz Ledo (CCOO)

Mª del Carmen Álvarez Veleiro (FOL)

Natalia Cabaleiro Monteagudo (FOL)

Pablo Álvarez Rodríguez (UGT)

María Moreira Sendón (UGT)

José Manuel Sónora Abeijón (UGT)

Rita Velasco Graña (CCOO) Deleg sind

Os membros da Xunta PTXAS reuníronse coa Xerencia ás 10:00 horas, do 12 de febreiro de 2026, na Sala Manolo Ramos , coa seguinte

1. Continuación da reunión iniciada o 4 de febreiro de 2026:

- Peche das convocatorias de listas de agarda.
- Determinación da ponderación do baremo de méritos da convocatoria dos procesos selectivos para a execución das OEP 2023 e 2024.

## DELIBERACIÓNS

### 1. Continuación da reunión iniciada o 4 de febreiro de 2026

Previo a comezar coa orde do día, a xerenta informa sobre un curso de formación básica do impacto da Intelixencia Artificial nas administracións públicas. Vaise tentar que esta formación sexa para todo o PTXAS da universidade, sendo a preinscrición e aceptación no curso por orde de inscrición dado que se trata dunha formación convocada polo Centro de Formación Permanente na que o criterio de selección debe rexerse polo seu regulamento interno. A Xerencia límitase a cubrir os custes non podendo interferir nos criterios de selección. A dita formación será a través de teleformación e obterase un título universitario dunha microcredencial.

José Manuel García Eirín di que a inscrición non debería ser por orde de inscrición dado que pode darse o caso de asistir á formación todas as persoas dunha mesma unidade e quenda.

Rita Velasco pide que non se esquezan as quendas de tarde.

A Xerenta explica que os horarios aínda non están pechados pero haberá horario de mañá e de tarde.

Federico Fernández pregunta pola solicitude de aboamento dun curso de soldadura realizado por conserxes do CACTI. Incluso o centro comprou as ferramentas para que eles as poidan utilizar.

A xerenta responde que ese tema será tratado nunha comisión de formación, pero adianta que non ten ningún informe que indique que ese curso está relacionado co posto de traballo. Ademais débese pedir autorización previa á realización do curso, non unha vez feito. En calquera caso, repite que se tratará na comisión de formación.

A xerenta informa de que o traballador do Campus de Pontevedra, Raúl Blanco García, está disposto a admitir que se lle nomee en comisión forzosa no posto da Administradora de Ciencias, sempre que se lle aboen as axudas de custo dado que ten que desprazarse dende Pontevedra. A Xerencia considera que é xusto o que solicita, motivo polo cal se lle nomeará en comisión forzosa e non en comisión voluntaria, dado que esta última, legalmente non leva consigo ningún pagamento de axudas de custo. Pregunta aos presentes se están de acordo co que acaba de informar.

A Xunta PTXAS expresa a total conformidade coa opción plantexada.

A xerenta informa tamén que non hai candidatos que acepten o posto de TSPRL e a única opción que lles queda é ir ao SEPE.

Pablo Álvarez responde que lle parece máis axeitado cubrir ese posto con persoal da casa, ademais hai traballadores coa titulación suficiente para poder desenvolver o posto.

A xerenta responde que presentará unha proposta porque é importante ter as especialidades cubertas.

## **Peche das convocatorias de listas de agarda**

Corríxese a esixencia de Celga 3 para os grupos C1 e C2 e Celga 4 para grupos A1 e A2.

Engádese un parágrafo polo que a proba de coñecemento da lingua galega será obrigatoria e eliminatoria para as persoas aspirantes que non acrediten estar en posesión ou en condicións de obter o día da publicación da convocatoria.

Acórdase incluír como coñecemento transversal o tema de Igualdade en todas as convocatorias dado que está no Plan Estratéxico da Universidade. O tema de prevención de riscos tamén é esencial, aínda que sexan coñecementos básicos.

Na convocatoria do Animalario modifícase a valoración da formación de xeito que os cursos puntuarán a razón de 0,02 puntos/hora e valorarase tamén a “función b” en 1,5 e 3 puntos para “función c”.

Acórdase que nas convocatorias de ATSX, tanto ampliación de listas de agarda como a convocatoria derivada das OEP 2023 e 2024, a valoración dos méritos valorarase a experiencia na Uvigo a razón de 0,16 puntos por mes e 0,10 se a experiencia é noutras administracións públicas.

## **Acordo sobre provisión temporal de postos de traballo das escalas e subescalas de persoal funcionario en réxime de promoción interna de maio de 2024.**

José Manuel Sónora considera que no acordo de 2024 se podería engadir unha aclaración para evitar que unha persoa que figure na nova lista ampliada poida reclamar e poñerse por riba das persoas da lista oficial.

Pablo Álvarez di que iso non é posible porque a nova lista é subsidiaria á orixinal, así o di o Acordo de listas de agarda de 2009, pero podería poñerse unha aclaración.

A xerenta concorda que efectivamente se pode poñer unha aclaración pero considera máis axeitado levar estas dúbidas á Comisión de Seguimento de Acordos de 2009, polo que se están todos de acordo, e dado que hai quorum suficiente, pódese constituír a Comisión a continuación desta reunión.

Todos os presentes mostran o súa conformidade para que se reúna a Comisión de Seguimento de Acordos de 2009 a continuación desta reunión para plantexar e tentar resolver as dúbidas xurdidas no Acordo de 2024.

E sen máis asuntos que tratar remata a reunión ás 12:05h

Acta asinada dixitalmente,

A xerenta

Yolanda T. Lesmes Romero

O presidente da Xunta PTXAS

Carlos Mollinedo Lois